




XUNTA
DE GALICIA

CONSELLERÍA
DE SANIDADE

CORONAVIRUS



CAMPAÑA DE VACINACIÓN FRONTE Á COVID 2023

Informe final, marzo 2024



Índice

1. INTRODUCCIÓN.....	3
2. POBOACIÓN DIANA.....	6
2.1. Recomendacións polo maior risco de complicacións ou cadros no caso de padecer gripe e COVID-19.....	6
2.2. Recomendacións para reducir o impacto e o mantemento de servizos críticos e esenciais na comunidade.....	7
3. AVALIACIÓN DA CAMPAÑA. COBERTURAS.....	7
3.1. Por subgrupos de idade.....	7
3.2. Por provincias.....	8
3.3 Por áreas sanitarias.....	10
3.4. Comparativa vacinación España - Galicia.....	11
4. CONCLUSIÓN.....	12

1. INTRODUCCIÓN

A Consellería de Sanidade levou a cabo no ano 2023 a campaña de vacinación conxunta fronte a gripe e á COVID-19, a través da Dirección Xeral de Saúde Pública e do Servizo Galego de Saúde, co obxectivo de reducir o número de complicacións, ingresos e mortes asociadas a estas enfermidades e, polo tanto, o impacto das mesmas na nosa comunidade.

A principal novidade, é que, por primeira vez dende o inicio da pandemia no ano 2020, e dende que se ten dispoñibilidade de vacinas fronte a esta enfermidade, autorizadas e fabricadas nun tempo récord para facer fronte á grave situación epidemiolóxica, a vacinación fronte a esta enfermidade adquire carácter estacional, administrándose cronolóxicamente xunto coa vacina antigripal estacional e, practicamente aos mesmos grupos de risco:

1. Persoas que teñan un maior risco de complicacións ou cadros graves en caso de padecer gripe e COVID-19: persoas de 60 ou máis anos, persoas institucionalizadas, mulleres embarazadas, persoas de menos de 60 anos con determinadas condicións de risco...
2. Persoas que traballan no mantemento de servizos críticos e esenciais na comunidade: persoal sanitario e sociosanitario, persoal de oficinas de farmacia e servizos de emerxencias, coidadores domiciliarios de persoas de risco (pola súa idade ou patoloxía), persoas que realizan traballos públicos esenciais (bombeiros, policía, protección civil...)

A campaña conxunta gripe+COVID iniciouse o 25 de setembro de 2023 e debía rematar o 31 de decembro de 2023, prorrogándose finalmente ata o 26 de xaneiro de 2024, por mor da circulación mantida dos virus na nosa poboación cunha duración final de 18 semanas.

Trala experiencia acadada en campañas anteriores, empregáronse diferentes estratexias para facilitar o acceso de todos os grupos diana á vacinación e obter unhas altas coberturas.

A loxística da campaña de vacinación fronte á COVID-19 ten algunhas particularidades ao tratarse de envases de vacina multidoso, e ter uns requisitos de conservación especiais (conxelación a -80°C) así como unha viabilidade limitada no tempo unha vez desconxeladas. Isto complica a xestión das vacinas e a súa distribución aos puntos de vacinación habilitados para a gripe (máis de 900). Por iso a vacinación da COVID-19 ofrécese nun menor número de puntos, pero cunha estratexia facilitadora segundo os grupos de risco para que toda a poboación diana poida acceder á protección no menor tempo posible:

- Vacinación en grandes recintos nas áreas sanitarias e distritos para a vacinación conxunta fronte á gripe e á COVID-19. As persoas foron citadas de forma proactiva mediante unha mensaxe de texto.
- Vacinación en residencias e centros de discapacidade. As persoas institucionalizadas en residencias de maiores e centros de discapacidade foron vacinadas na súa contorna por equipos específicos, ofrecéndoselle a vacina fronte á gripe e á COVID-19.
- Vacinación en Atención Primaria: os servizos de Atención Primaria, centros de cabeceira, ofertaron ambas vacinas ás persoas de 80 e máis anos. Tamén previamente citadas mediante SMS.
- Vacinación nos hospitais públicos, en colaboración cos servizos de Medicina Preventiva, realizaron a vacinación de gripe e COVID-19 dos pacientes de alto risco da súa área.
- Vacinación nos domicilios de pacientes, favorecendo a vacinación das persoas inmobilizadas. Realizada por equipos específicos da área ou polo propio persoal de atención primaria.

A incorporación dos grupos de risco á campaña de vacinación conxunta fronte á COVID-19 e á gripe foi secuencial. Comezouse de forma sistemática a partir do 25 de setembro para: persoas institucionalizadas de maneira prolongada en residencias de maiores e centros de discapacidade. Unha semana máis tarde iniciouse a vacinación en persoas inmobilizadas de 80 e máis anos. Tras eles as persoas en situación de inmunosupresión e persoas de 80 ou máis anos. Por último, a partir do 26 de outubro incluíronse: grandes dependentes menores de 80 anos, persoas inmobilizadas menores de 80 anos, persoal de centros sanitarios e sociosanitarios, grupos de risco e resto da poboación diana.

En canto ás vacinas empregadas na campaña, a Organización Mundial da Saúde (OMS), a Axencia Europea do Medicamento (EMA) e o Centro Europeo para a Prevención e Control de Enfermidades (ECDC) publicaron unha declaración conxunta sobre a actualización da composición das vacinas fronte á COVID-19 para as novas variantes do virus SARS-CoV-2. Nesa declaración recomendouse que as vacinas administradas na tempada 2023-2024 fosen monovalentes fronte á subvariante XBB da cepa ómicron, XBB.1.5, asegurando a protección fronte ás cepas circulantes de SARS-CoV-2. Durante a campaña 2023 distribuíronse as seguintes vacinas:

- Unha vacina de ARNm monovalente XBB.1.5, Comirnaty® XBB.1.5-30 microgramos, para persoas de 60 e máis anos, e de 12 a 59 anos con condicións de risco.
- Unha vacina de ARNm monovalente XBB.1.5, Comirnaty® XBB.1.5-10 microgramos, para nenos e nenas de 5 a 11 anos con condicións de risco.
- Unha vacina de ARNm monovalente XBB.1.5, Comirnaty® XBB.1.5-3 microgramos, para persoas de 16 e máis anos que non poidan recibir unha vacina de ARNm por alerxias, indicacións médicas ou outras circunstancias.
- Unha vacina de proteína S de SARS-CoV-2, Bimervax®, para persoas de 16 ou máis anos que non poidan recibir unha vacina de ARNm por alerxias, indicacións médicas ou outras circunstancias.



2. POBOACIÓN DIANA

2.1. Recomendacións polo maior risco de complicacións ou cadros no caso de padecer gripe e COVID-19

- Persoas de 60 ou máis anos.
- Persoas internas en residencias de maiores e centros de discapacidade.
- Embarazadas en calquera trimestre da xestación e mulleres durante o puerperio (ata os 6 meses tras o parto e sempre que non estivese vacinada durante o embarazo).
- Convivintes de persoas pertencentes a grupos de alto risco.
- Persoas menores de 60 anos de idade coas seguintes condicións de risco:
 - Diabetes mellitus e síndrome de Cushing.
 - Obesidade mórbida (IMC \geq 40 en adultos, \geq 35 en adolescentes ou \geq DS na infancia).
 - Enfermidades crónicas cardiovasculares, neurolóxicas ou respiratorias, incluíndo a displasia broncopulmonar, fibrose quística e asma.
 - Enfermidade renal crónica e síndrome nefrótica.
 - Hemoglobinopatías e anemias ou hemofilia, outros trastornos da coagulación e trastornos hemorráxicos crónicos, así como receptores de hemoderivados e transfusións múltiples.
 - Asplenia ou disfunción esplénica grave.
 - Enfermidade hepática crónica, incluíndo alcoholismo crónico.
 - Enfermidades neuromusculares graves.
 - Inmunosupresión (incluíndo as inmunodeficiencias primarias e a orixinada pola infección por VIH, por fármacos, así como os receptores de transplantes e déficit do complemento).
 - Cancro e hemopatías malignas.
 - Fístula de líquido cefalorraquídeo e implante coclear ou en espera del.
 - Enfermidade celíaca.
 - Enfermidade inflamatoria crónica.
 - Trastornos e enfermidades que supoñan disfunción cognitiva: síndrome de Down, demencias e outras.

2.2. Recomendacións para reducir o impacto e o mantemento de servizos críticos e esenciais na comunidade



- Persoal de centros e establecementos sanitarios e sociosanitarios públicos e privados (tanto sanitarios coma non sanitarios, excepto estudantes nos que so se recomenda a vacinación fronte a gripe).
- Persoal de oficinas de farmacia e persoal que traballa nos servizos de emerxencias sanitarias.
- Persoas que proporcionan coidados domiciliarios a pacientes con condicións de risco ou maiores.
- Persoas que traballan en servizos públicos esenciais, con especial énfase nos seguintes:
 - Forzas e corpos de seguridade do Estado, con dependencia nacional, autonómica ou local.
 - Bombeiros.
 - Servizos de protección civil.

3. AVALIACIÓN DA CAMPAÑA. COBERTURAS

O número total de doses de vacina administradas de vacina fronte á COVID-19 en todos os grupos de idade foi de 668.176.

3.1. Por subgrupos de idade

Para analizar a vacinación nas persoas de 60 e máis anos, establecéronse 5 subgrupos de idade fronte a vacinación fronte á COVID-19 nesta tempada (60 a 64 anos, de 65 a 69 anos, de 70 a 79 anos, de 80 a 84 anos e de 85 ou máis anos), amosando as coberturas acadadas na táboa 1.

	Cobertura %							
	60-64	65-69	70-79	80-84	85 e +	60 e máis anos	65 e máis anos	80 e máis anos
Galicia	49,66%	61,64%	69,15%	82,76%	76,39%	66,19%	70,67%	78,99%

Táboa 1. Cobertura de vacinación fronte á COVID-19 acadadas por subgrupos de idade 2023 (percentaxe).

O número de doses de vacina administradas ás **persoas de 60 ou máis anos**, aquelas que a tiñan indicada por idade, sen necesidade de pertenza a ningún grupo de risco, foi de 591.093 obténdose unha cobertura do **66,19 %**. A medida que aumenta a idade



tamén se incrementa a cobertura, cunha maior adhesión á vacinación das persoas de máis idade. A cobertura en persoas de **65 e máis anos** é do **70,67%** (496.526) e a das **persoas de 80 e máis** do **78,99%** (187.837), tan só 3 puntos por debaixo da cobertura de vacinación antigripal nesta mesma poboación.

A cobertura máis alta sitúase no grupo de 80-84 anos cun 82,76%, seguida do de 85 ou máis anos cun 76,39%. A menor cobertura estivo no grupo de 60-64 anos, cun 49,66 %, incrementándose en máis de 10 puntos no seguinte grupo de idade de 65 a 69 anos cun 61,64%.


3.2. Por provincias

Na táboa 2 amósanse as coberturas por provincias, nos grandes grupos de idade: 60 e mais anos, 65 e mais anos e 80 e mais anos.

As maiores coberturas corresponden á provincia da Coruña cun 74,97%, un 79,12% e un 84,90% respectivamente. As provincias de Lugo e Ourense presentan cifras moi similares en canto á cobertura nos diferentes subgrupos, agás nos de 80 e máis anos que Ourense presenta maior cobertura cun 78,32 % fronte ao 75,08 % de Lugo. A provincia de Pontevedra acada as cifras máis baixas en todos os grupos de idade.

	Cobertura %		
	60 e máis anos	65 e máis anos	80 e máis anos
A Coruña	74,97	79,12	84,90
Lugo	64,06	68,52	75,08
Ourense	64,89	69,51	78,32
Pontevedra	56,43	61,21	73,47
Galicia	66,19	70,67	78,99

Táboa 2. Coberturas acadadas por provincia no período 2023-2024 (porcentaxe).
A mesma información pode verse na gráfica 1.



Gráfica 1. Coberturas acadadas por tramo de idade e provincia no período 2023-2024 (porcentaxe).

Na táboa 3 amósanse as coberturas por provincias acadadas nos 5 tramos de idade.

	60-64	65-69	70-79	80-84	85 e máis
A Coruña	59,90%	72,96%	78,23%	89,69%	81,51%
Lugo	46,61%	58,90%	67,59%	77,15%	73,80%
Ourense	45,21%	57,64%	67,44%	82,84%	75,45%
Pontevedra	39,80%	50,17%	58,86%	76,29%	71,40%
Galicia	49,66%	61,64%	69,15%	82,76%	76,39%

Táboa 3. Coberturas acadadas por subgrupos de idade e provincia (porcentaxe).

No grupo de idade de 80-84 anos, onde se acadan as maiores coberturas, destaca a provincia da Coruña cun valor do 89,69% seguida de Ourense cun 82,84%.

A idade comprendida entre os 60 e 64 anos acada a menor cobertura de vacinación cun 49,66%. Para este grupo de idade A Coruña ten as maiores coberturas (59,90%), superando en 10 puntos a media galega, mentres que a área de Pontevedra acada un 39,80%.



3.3 Por áreas sanitarias

En relación á información por áreas sanitarias, amósase na táboa 4 as coberturas acadadas nos grandes grupos de idade.

	Cobertura %		
	60 e máis anos	65 e máis anos	80 e máis anos
A Coruña	73,43	77,53	85,95
Ferrol	72,63	76,58	83,46
Santiago	69,47	73,87	81,75
Lugo	64,06	68,52	75,08
Ourense	64,89	69,51	78,32
Pontevedra	64,08	68,79	76,95
Vigo	56,82	61,64	71,87
Galicia	66,19	70,67	78,99


Táboa 4. Coberturas por tramos de idade e área sanitaria no período 2023-2024 (porcentaxe).

Na vacinación fronte á COVID-19 a área sanitaria da Coruña ten a maior cobertura cun 73,43% (60 e máis anos), un 77,53% (65 ou máis anos) e un 85,95% (80 e máis anos), seguido de Ferrol cun 72,63%, 76,58% e 83,46% para os mesmos tramos de idade respectivamente. Vigo foi a área sanitaria con menores coberturas.

No tramo poboacional de maiores de 65 anos, A Coruña seguido de Ferrol e Santiago, son as Áreas Sanitarias nas que se acadan as coberturas máis elevadas, cun 77,53%, 76,58% e 73,87% respectivamente.

3.4. Comparativa vacinación España - Galicia

O informe de seguimento da campaña de vacinación fronte a COVID-19 do Ministerio de Sanidade para o período comprendido do 25 de setembro do 2023 ao 24 de xaneiro do 2024 mostra as porcentaxes das persoas con doses adaptadas para os grupos de idade de: 60 a 69 anos, 70 a 79 anos e 80 e máis anos, como se pode ver na gráfica 2.



Gráfica 2. Comparativa das coberturas de vacinación fronte á COVID-19 en España e Galicia (sistema de información nacional REGVACU)

Segundo este informe Galicia é a comunidade autónoma cos mellores datos de cobertura en todos os tramos de idade, superando a media nacional:

- No grupo de idade comprendido entre os 60 e 69 anos, Galicia acada un 55,44% de cobertura, superando en 23 puntos o valor estatal do 32,29%.
- No grupo de 70 a 79 anos, Galicia acada un 69,15% e supera en 17 puntos o nivel do 52,17% acadado de media en España.
- E nas persoas de 80 e máis anos, o nivel acadado en Galicia do 78,99% supera en 14 puntos a media nacional do 64,31%.

4. CONCLUSIÓNS

- A campaña de vacinación fronte á COVID-19 desenvolveuse nesta tempada 2023/2024 xunto coa da gripe, empregando diferentes estratexias para facilitar o acceso para a toda a poboación diana, sendo un ano máis exemplo nos niveis de cobertura acadadas grazas a confianza da cidadanía galega neste programa de saúde pública.



- O número de doses de vacina administradas ás persoas de **60 ou máis anos**, aquelas que a tiñan indicada por idade, sen necesidade de pertenza a ningún grupo de risco, foi de 591.093 obténdose unha cobertura do **66,19 %**.
- A cobertura en persoas de **65 e máis anos** é do **70,67%** (496.526) e a das **persoas de 80 e máis** do **78,99%** (187.837), tan só 3 puntos por debaixo da cobertura de vacinación antigripal nesta mesma poboación.
- Por provincias, as maiores coberturas corresponden á provincia da Coruña cun 74,97% (60 e máis anos), un 79,12% (65 e máis anos) e un 84,90% (80 e máis anos).
- Por áreas sanitarias e tramos de idade, á da Coruña acada a maior cobertura cun 73,43% (60 e máis anos), un 77,53% (65 ou máis anos) e dun 85,95% (80 e máis anos). Destaca ademais o grupo de 80 a 84 anos cun 89,69%.
- Con respecto aos datos nacionais, Galicia é a comunidade autónoma cos mellores datos de cobertura en todos os tramos de idade. Supera en 14 puntos a cobertura nas persoas de 80 e máis anos, en 17 puntos a cobertura no tramos de 70-79 anos e en 23 puntos a media nacional de cobertura nas persoas de 60-69 anos.